

## **NOVA REGULACIÓN**

### **XOGO DA TÓMBOLA**

**Definición:** Consiste na adquisición por un prezo certo dun sobre ou papeleta que deberá conter ocultos números, símbolos ou textos que determinen a adquisición do premio, no caso de premio instantáneo, ou que determinen a adquisición de puntos, cando a obtención do premio se obteña pola suma de puntos ata acadar unha cifra determinada.

#### **Requisitos:**

- O premio deberá ser un ou varios obxectos e en ningún caso unha cantidade en metálico.
- O premio non poderá substituírse por diñeiro

#### **Procedemento:**

- Autorización administrativa:

Documentación a presentar

a) Solicitud modelo PR 307B presentada con 30 días de antelación á data de inicio de venda ou distribución das papeletas e na que constarán os seguintes datos:

1. Identificación do solicitante
2. Data de realización do sorteo
3. Número de características das papeletas con indicación do seu importe unitario
4. Ámbito territorial
5. Relación detallada dos premios, con expresión do seu valor e a forma de adxudicación aos gañadores así como o lugar onde se atopen os bens mobles. No caso de bens inmoables, indícase a situación do premio, os seus límites, a extensión, as cargas e os datos rexistrados, así como tamén a forma de entrega do premio e calquera tipo de gastos que deba satisfacer a persoa gañadora. No caso de viaxes, deberá especificarse os servizos que se inclúen. No caso de vehículos, deberá indicarse a quen corresponde o pago do Imposto especial sobre determinados medios de transporte ou calquera outro tipo de tributo que sexa de aplicación.
6. O lugar onde se vai realizar o sorteo
7. O destino dos beneficios obtidos para a realización da rifa
8. A relación detallada das persoas designadas para vender as papeletas coa indicación do sexo de cada unha delas

b) Bases do xogo asinadas e depositadas ante notario

c) Documentación acreditativa da representación do solicitante

d) Xustificante do pago da taxa administrativa

e) Copia da documentación que acredite a titularidade por parte da persoa organizadora dos premios que se van sortear ou o documento acreditativo da constitución da garantía pola contía do seu valor.

**PRAZO DE RESOLUCIÓN - 15 DÍAS**  
**SENTIDO DO SILENCIO – NEGATIVO**  
**ENTRADA EN VIGOR DA REGULACIÓN – 06.10.2023**